

A Tropa Trapalleira

Guía  didáctica

Carla Capeáns

Roi Méndez

Beatriz Méndez



Pequena trapallada e algunha que outra batalla

Colaboran



A tropa trapalleira

Programa didáctico

Beatriz Méndez

Carla Capeáns

Inma Vila

Roi Méndez

Introdución 4

Antes da función 5

O espectáculo 6

A compañía 7

Ficha artística 8

A caracterización: de actores a personaxes 9

Un anaquiño de texto 10

Coñecemos ao autor: Tomás Afán 11

Xéneros dramáticos 12

Vídeo promocional 13

Algúns exercicios 14

3º e 4º de Primaria 15

5º e 6º de Primaria 16

Despois da función 17

Algúns exercicios máis 18

A elaboración desta guía didáctica ten como principal obxectivo a capacitación das/dos alumnas/os para unha mellor identificación e resolución de conflitos. A partir desta máxima desenvolverase unha reflexión entorno aos diferentes tipos de conflitos, valores e relacións interpersoais presentes no espectáculo.

Tamén se traballará a expresión oral e escrita a través de dinámicas de lectura e representación de fragmentos da peza teatral, incentivando a creatividade do alumnado, tanto individual como grupal, a través da escrita e posta en común de pequenos textos teatrais.

Outro dos obxectivos principais é a de achegar ao alumnado ás diferentes disciplinas que comprenden as artes escénicas centrándose no ámbito teatral. Isto englobará dende a identificación dos diferentes xéneros dramáticos ao coñecemento de terminoloxía específica, técnicas interpretativas, etc., fomentando no alumnado o respecto e gusto polas artes escénicas.

Non debemos esquecer o traballo da lingua como vehículo e parte da cultura galega, sendo este mesmo un dos obxectivos reflectidos no propio Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o

currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e onde se persegue que todo o alumnado se achegue á cultura galega en todas as súas vertentes.

Por último, e tomando como referente o documento legal citado con anterioridade, debemos destacar que con este xeito de educar nos achegamos a unha aprendizaxe baseada en competencias que se caracteriza pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais coma nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso. Aquí é onde BocAberta xoga o seu papel máis importante, compartindo valores, linguaxe, dramatización e diversión.

Antes da función...



O ESPECTÁCULO

6

A Tropa Trapalleira, Rosiña, Laranxiño e Mariña, presentan "Pequena trapallada e algunha que outra batalla". Un espectáculo para nenos e nenas de 6 a 99 anos, 100% dinámico e colorista que nos fai reflexionar sobre o absurdo da guerra e as súas consecuencias. A través do traballo corporal dos actores que bebe da farsa e da Commedia dell' arte e apoiándose na música

e na videocreación, constrúen un universo de diversión no que se poñen en valor cousas tan importantes como a amizade, o respecto, o compañeirismo e o amor. Un catálogo de trapalladas bélicas que, a través do humor, pretende invocar á tolerancia e á solución pacífica dos conflitos como bálsamo necesario nestes inquietantes tempos armados.



A COMPANHIA

BocAberta é unha compañía de recente creación nada en Compostela e cuxo eixo central é facer teatro por e para o público. Carla Capeáns, Roi Méndez e Beatriz Méndez, fundadores da compañía, aspiramos a crear unha linguaxe teatral propia, próxima e recoñecible. Buscamos divertir, emocionar e facer reflexionar ao espectador sen esquecer nunca que el é o porqué do teatro.

Levamos traballando xuntos ao redor de 5 anos, primeiro na Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela dirixida por Roberto Salgueiro e logo na compañía de teatro afeccionado NNC Teatro.



Beatriz Méndez

Actriz e directora con formación teatral moi diversa como commedia dell'arte, técnica vocal e dirección. Imparte o taller de teatro 4ª Parede da Concellería de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela. Actualmente traballa como actriz no espectáculo infantil "Ra, Ra, Ra" escrito e dirixido por Cándido Pazó.



Carla Capeáns

Actriz, contacontos e crítica teatral con formación en diferentes técnicas interpretativas como a Commedia dell'arte ou a interpretación ante a cámara. Escribe o blog www.teatrogalego.com e actualmente traballa como actriz no espectáculo infantil "Ra, Ra, Ra" escrito e dirixido por Cándido Pazó.



Roi Méndez

Actor e director cunha formación teatral que vai dende a dirección e interpretación ata a técnica vocal, destacando o seu interese polo traballo corporal do actor. Neste eido acumula unha ampla formación con mestres como Gonçalo Guerreiro, Massimo Malucelli ou Carlos García Estévez.

FICHA ARTÍSTICA

8

Elenco

Beatriz Méndez como Rosiña

Carla Capeáns como Mariña

Roi Méndez como Laranxiño

Texto orixinal

Tomás Afán

Dirección

BocAberta

**Adaptación, espazo sonoro, iluminación, vestuario
e escenografía**

BocAberta

Broches

Pingas de Fietro

Maquillaxe

Beatriz Méndez

Asesor vocal

Pablo Ferradás

Música

Andrea Méndez e Pablo Ferradás

Videocreación e deseño gráfico

Roi Méndez

A CARACTERIZACIÓN: DE ACTORES A PERSONAXES

9

Antes de comezar unha función, as actrices e actores deben caracterizarse. Isto implica maquillarse, vestirse e meterse na personaxe que posteriormente o público poderá desfrutar sobre as táboas do teatro. No seguinte vídeo poderedes ver como as actrices e o actor da compañía BocAberta pasan de ser Beatriz, Carla e Roi a converterse nos personaxes da Tropa Trapalleira: Rosiña, Mariña e Laranxiño. <https://www.youtube.com/watch?v=qil0Q9b4mV0=yout>



UN ANAQUIÑO DE TEXTO

Nai: Pepiño, meu fillo, que fas?

Pepiño: A guerra mami.

Nai: Pasa pa casa agora mesmo que non son horas.

Pepiño: Non podo.

Nai: Porque?

Pepiño: Porque me fixeron prisioneiro.

Nai: Quen?

Pepiño: Ese señor con bigote que é dos inimigos.

Inimigo do Bigote: Boas noites señora.

Nai: Faga vostede o favor de soltar ao meu Pepiño que ten que cear.

Pepiño: Mami, non nos interrompas, que estamos no medio dunha batalla.

Nai: Pasa para a casa agora mesmo, que che ten dito teu pai?

Pepiño: De que?

Nai: Das batallas?

Pepiño: Que non quere que nos metamos en batallas.

Nai: Iso é, que logo ves coa roupa que da noxo. Veña para a casa agora mesmo.

Inimigo con Bigote: Señora, non pode esperar un anaco?

Nai: É que se me arrefría o caldo.

Inimigo con Bigote: Tan so un anaquiño.

Nai: Canto?

Inimigo con Bigote: Pois, uns dez minutos que dura o consello de guerra e cinco minutos que dura o de fusilalo, en total un cuarto de hora, máis o que tardemos en traerlle o cadáver.

Nai: Nin falar que o caldo frío non está bo.

Pepiño: Pero mami, por favor, que estamos en guerra.

Nai: Pois facede a paz.

COÑECEMOS AO AUTOR: TOMÁS AFÁN



Tomás Afán Muñoz (Jaén, 1968) é dramaturgo, actor, director e produtor teatral. Co-dirixe a compañía de teatro **La Paca** dende o ano 1988.

Os seus **estudos teatrais** son en gran parte **autodidactas**, baseados en diversos cursos e obradoiros de dramaturxia e creación escénica.

Os seus textos caracterízanse por unir o cotián, o **surrealista** e o **absurdo**. O autor séntese especialmente cómodo no territorio da comedia. Inspírase nos clásicos do **Século de Ouro** español, na **Comedia da arte** e nos autores do **teatro do absurdo**. As súas obras sobre a guerra pódense comparar coas doutros autores como **Fernando Arrabal** e **Miguel Gila**.

É autor de numerosas obras dirixidas a un público infantil e xuvenil. Pola súa obra **Pim, Pam, Clown** obtivo o recoñecemento da Asociación de Teatro para a Infancia e a Xuventude, gañando o XIII **premio ASSITEJ**, un dos máis importantes de teatro infantil e xuvenil en España.

Os xéneros dramáticos

Drama

Traxedia

Comedia

Sexa cal sexa o xénero dramático hai unha serie de elementos que sempre ides atopar cando vexades un espectáculo teatral:

- **Actores:** Son as persoas que interpretan os diferentes personaxes dunha obra.
- **Texto:** O que din os personaxes en escena.
- **Vestuario:** a roupa que leva cada un dos personaxes.
- **Maquillaxe:** Técnica mediante a cal se transforma o aspecto dun actor co fin de que se semelle ao personaxe que debe interpretar.
- **Iluminación:** conxunto de luces que crean diferentes ambientes e que permite ver aos actores.
- **Escenografía:** Conxunto de elementos que serven de decorado nun espectáculo teatral.
- **Atrezzo:** Obxectos que aparecen en escena.
- **Son:** Músicas, rúidos e efectos sonoros empregados na obra.

VÍDEO PROMOCIONAL

13

No seguinte enlace poderedes acceder a un vídeo promocional do espectáculo no que se amosan pequenos fragmentos da peza para ir abrindo boca. <https://www.youtube.com/watch?v=YxyOijUMMTQ>



Algúns exercicis



1. Busca coa axuda dun dicionario o significado dos seguintes termos relacionados cos xéneros dramáticos:

Comedia Traxedia Drama

Para dar conta de que entendiches o seu significado tenta escribir un parágrafo coherente de catro ou cinco liñas no que aparezan as tres palabras.

2. Xuntádevos en pequenos grupos de catro persoas.

E pensade: durante o día vivimos momentos nos que nos podemos enfadar un pouquiño. Escribe catro deses momentos e pensa nas posibles solucións pacíficas.

3. Marca cun **X** as cousas que non se poden facer nun teatro.

- Falar durante a representación
- Comer lambonadas
- Rir a esgalla
- Levantarse do asento
- Berrar
- Aplaudir
- Responder ás preguntas que nos fan os actores

Xustifica aquelas que non marcaches e explica como te sentes cando alguén que se senta preto de ti nalgunha actuación teatral as fai.

4. Busca na seguinte sopa de letras cinco palabras relacionados coa paz e o amor.

K	N	J	I	T	O	H	Ñ	X	A
V	C	A	X	Z	A	D	S	Q	L
A	Y	H	M	F	G	S	F	D	O
T	F	G	B	I	C	O	W	G	U
R	G	D	K	Z	Z	H	O	A	M
E	O	A	I	K	I	A	I	E	I
P	B	S	L	Ñ	O	P	D	R	Ñ
A	B	M	O	P	O	P	U	T	O

amizade aperta olomño bico pomba

5. De que cores visten e que elemento levan posto na cabeza os personaxes de A Tropa Trapalleira? Lémbralo?

Rosiña

Laranxiño

Mariña

6. Por como nos movemos e os nosos xestos tamén podemos interpretar moitas cousas. Intentade representar, sen dicir nin unha palabra, algunha situación diaria para que os outros pescuden que é o que facedes e como vos sentides (tristes, alegres...)

7. Identifica nesta fotografía os seguintes elementos dunha obra de teatro:

Actores/actrices

Escenografía

Vestuario

Atrezzo

Maquillaxe



1. Busca coa axuda de internet o significado dos seguintes termos relacionados cos xéneros dramáticos:

Comedia Traxedia Drama

Para dar conta de que entendiches o seu significado tenta escribir un parágrafo coherente de catro ou cinco liñas, no que aparezan as tres palabras.

2. Identifica tipos de conflitos cos que ti te podes atopar a diario.

- Con quen podemos ter estes conflitos e que farías para solucionarlos pacificamente?
- Coñeces algún videoxogo no que as pelexas, golpes, armas e roubos sexan os protagonistas? Por que cres que son tan populares esta clase de xogos?

3. De que cores visten e que elemento levan posto na cabeza os personaxes de A Tropa Trapalleira? Lémbra-lo?

Rosiña

Laranxiño

Mariña

Vexamos como de aguda tes a túa memoria visual, isto xa é para nota. Recoñeches e lembrás algún símbolo que levasen os protagonistas nas súas roupas?

4. Webquest: investiga pola rede e responde ás seguintes cuestión.

https://es.wikipedia.org/wiki/Anexo:Ganadores_del_Premio_Nobel_de_la_Paz

https://es.wikipedia.org/wiki/Tom%C3%A1s_Af%C3%A1n

<http://ciabocaberta.wix.com/bocaberta>

https://es.wikipedia.org/wiki/Anexo:Guerras_y_conflictos_actuales

- Busca os 5 últimos gañadores do Premio Nobel da Paz
- Que outros textos teatrais escribiu Tomás Afán, autor do texto “Pim, pam, clown” no que se basa A Tropa Trapalleira?
- Que outros espectáculos ten en cartel a compañía BocAberta?
- En que guerra ou conflito houbo un maior número de vítimas?
- Sitúa nun mapa 4 países de Asia e 4 países de África nos que haxa neste momento un conflito armado.
- Cal é o continente onde se produciron máis guerras e conflitos?

5. Identifica nesta fotografía os seguintes elementos dunha obra de teatro:

Actores/actrices

Escenografía

Vestuario

Atrezzo

Maquillaxe



Despois da función...



Algúns exercicios máis



1. BUSCA E ANÁLISE DE CONFLITOS EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN.

Os conflitos xorden no noso día a día e é cousa de pequenos e maiores, cada quen debe ser capaz de manexar as súas reaccións e controlar determinadas situacións. Coa finalidade de mellorar estas destrezas no alumnado propoñemos a visualización dos seguintes fragmentos para ir analizando con detenemento os diferentes conflitos. Logo en forma de asemblea na aula, buscaranse posibles solucións pacíficas a tales situacións.

- Pelexa entre árbitro e xogadores de fútbol:
<https://www.youtube.com/watch?v=HmngoalUGIE8>
- Frozen, Mérida discute con súa nai:
https://www.youtube.com/watch?v=FWhi_mLzZ4Y
- Momento de tensión no programa de TV "El Hormiguero"
<https://www.youtube.com/watch?v=22-7pLXTzMw>

Pola contra neste vídeo o final é do máis pacífico. Analizar outros posibles finais menos amables.

- Anuncio Lotería Nadal 2014
<https://www.youtube.com/watch?v=Kr2P5IDc83g>

2. BUSCAR FINAIS DISTINTOS E ORIXINAIS PARA CONTOS POPULARES.

A gran riqueza dos contos populares é que van pasando de xeración en xeración sen alterar a esencia do seu contido, son transmitidos de pais a fillos e fillas, forman parte da nosa cultura literaria e un bo xeito de achegar ós máis pequenos á lectura e de facer medrar a súa imaxinación pero... cantas veces nos paramos a facer unha análise dos tradicionais contos?

Agora é o momento de ver se son todo o educativos que poderían ser ou se os seus conflitos ben podían ser resoltos doutra maneira.

- Os tres porquiños tiñan que queimarlle o cu ó lobo feroz?
- As irmás de Cincenta tiñan que humillala a diario?
- O lobo tiña que comer á avoíña?

Tras reflexionar en conxunto sobre estes tres contos, cada neno e nena deberá pensar noutro conto máis que coñeza, buscar o conflito que se resolve de forma non moi aconsellada e inventar un novo fío para ese conto.

3. PREPARACIÓN DUNHA BREVE POSTA EN ESCENA DUN CONFLITO E A SÚA SOLUCIÓN PACÍFICA.

Dividiremos ó grupo en pequenos grupos de catro ou cinco alumnos e alumnas, a cada grupo entregáraselle unha tarxeta co presentación e orixe do seu conflito. A continuación deixaráselles dez minutos para que preparen a posta en escena e para que escollan o final para a súa pequena representación.

As situacións serán as seguintes:

- **Grupo 1:** (Camareiro, fumador, 2 anciáns) Nun bar onde está prohibido fumar unha persoa prende un cigarro. Na mesa que está próxima unha parella de velliños está tomando un café. A señora ten unha enfermidade no pulmón. Como se desenvolverá esta situación no bar?
- **Grupo 2:** (Nai, fillo, filla, persoa paseando un can) No parque onde están xogando todos os nenos e nenas aparece unha persoa paseando ó seu can. O animal fai as súas necesidades no tobogán e a súa dona négase a limpalo. Como transcorre o conto?
- **Grupo 3:** (Caixeiro supermercado, clienta 1 , clienta 2 e encargada) Na caixa do supermercado están dúas clientas que entre si non se coñecen e as dúas aseguran que foron as primeiras en chegar á caixa para pagar. O caixeiro non viu quen foi en realidade a gañadora entón chama á encargada. Quén pasará primeiro, cal era o motivo da présa que tiñan as dúas clientas, cal foi o papel da caixeiro?
- **Grupo 4:** (2 parellas de noivos) Pola rúa unha parella de noivos vai paseando nunha dirección e outra parella de noivos distinta vai camiñando na dirección contraria. Ao cruzarse, un tíralle a Coca Cola pola camisa a un membro da outra parella. Ían como moita présa a unha festa e con moi malos fumes. Como remata asumindo a mancha?

4. ELABORACIÓN DUN CONCURSO AO ESTILO “PASAPALABRA” SÓ CON DEFINICIÓNS DE SENTIMENTOS E EMOCIÓNS.

- **Comeza co A:** Sentir amor ou grande afección por [alguén]. **AMAR**
- **Comeza co C:** Responsabilidade que ten alguén nunha acción que causa prexuízo. **CULPA**
- **Comeza co C:** Sentimento de pena ou mágoa que produce o sufrimento ou os males alleos e que leva a tratar de evitalos.

COMPAIXÓN

- **Contén o E:** Sentimento de repugnancia cara a algo ou alguén. **AVERSIÓN/ANTIPATÍA**
- **Comeza co D:** Falta de ánimo ou valor. **DESALENTO/ DESÁNIMO**
- **Comeza co E:** Sentimento que fai crer que algo que se desexa pode chegar a realizarse. **ESPERANZA**
- **Comeza co F:** Estado de plena satisfacción. **FELICIDADE**
- **Comeza co G:** Sentimento de estima por un favor ou servizo recibido e por considerarse obrigado a corresponder a quen o fixo. **GRATITUDE**
- **Comeza co H:** Actitude hostil. **HOSTILIDADE**
- **Comeza co I:** Enfado violento, acompañado dunha forte reacción agresiva. **IRA**
- **Comeza co M:** Sentimento de inquietude que se experimenta ante a presenza, real ou imaxinaria, dun perigo. **MEDO**
- **Comeza co O:** Boa opinión que se ten dun mesmo ou das persoas ou cousas propias. **ORGULLO**
- **Comeza co T:** Estado de ánimo que se caracteriza polas ganas de chorar ou mesmo pola falta de interese pola vida, normalmente pasaxeiro e orixinado por un suceso desgraciado. **TRISTEZA**

- **Comeza co A:** Sentimento de pracer ou estado de gran satisfacción producido por un suceso favorable ou por algún motivo de gozo, que adoita manifestarse exteriormente. **ALEGRÍA**
- **Comeza co S:** Impresión que produce un feito ou acontecemento que non se espera. **SORPRESA**
- **Comeza co X:** Alegría moi intensa, que normalmente se manifesta con signos exteriores. **XÚBILO**
- **Comeza co X:** Sentimento de rabia e pena polo ben ou polas cousas alleas que se desexan para si. **ENVEXA**
- **Comeza co A:** Inquietude e preocupación do ánimo por algo que vai ocorrer. **ANSIEDADE**
- **Contén o Z:** Falta de aprecio, estima ou consideración con alguén ou algo. **DESPREZO**
- **Comeza co V:** Sentimento de quen fixo unha cousa que non debía ou de quen sofre unha humillación. **VERGONZA**
- **Comeza co P:** Sufrimento moral producido por un suceso adverso, un desengano etc. **PENA**

5. ASIGNAR ESTADOS DE ÁNIMO A CADA NENO E NENA PARA A SÚA REPRESENTACIÓN DIANTE DOS COMPAÑEIROS.

Cada vez que alguén adiviñe o estado que está representando o compañeiro ou compañeira, pasará a ser el ou ela o seguinte en representar.

feliz	triste	anoxado/a	sorprendido/a	durmido/a	saudable	enfermo/a
entristecido/a	asustado/a	nervioso/a	relaxado/a	aburrido/a	namorado/a	preocupado/a
deprimido/a	avergoñado/a	contento/a	emocionado/a	pensativo/a	frustrado/a	famento/a



bocAberta